



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E UN DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/00012

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas corenta e cinco minutos do día vinte e un de abril de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os concelleiros da Xunta de Goberno Local: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa, para os efectos de celebrar a sesión ordinaria correspondente e convocada para este día. Actúa coma secretaria a que o é da Corporación, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN DE DATAS 24.03.22 E 31.03.22.-

O sr. alcalde preguntalles aos asistentes se teñen que facer algunha observación ás devanditas actas, e ao non facerse ningunha alegación, declara que as actas das sesións mencionadas quedan aprobadas sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (votación ordinaria dos asistentes ás mesmas e aprobadas por unanimidade).

2º.- SOLICITUDE AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA: “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE.-

Proposta de Alcaldía:

“Expte.: 2018/C003/000001

En data 07.04.22 e con núm. de rexistro 202299900000434, don José Ramón Pedrosa Jiménez, actuando en representación da empresa “GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL”, NIF B-36495604, presenta un novo escrito de petición de prórroga por prazo de 15 días para a execución da obra “Proxecto básico e de execución modificado 1. Campo de fútbol de céspede artificial no campo de fútbol municipal de Mourente, da que dita empresa é adxudicataria.

Por acordo de Xunta de Goberno Local de sesión de 10.03.22 tiña concedida unha ampliación de prazo de execución da obra ata o 8.04.22

Xustifica a súa petición debido a que por circunstancias alleas á empresa, producírase un retraso na execución da obra, alegando que debido as paralizacións no sector do transporte e

crise de subministro non se puido lograr o subministro de equipamento deportivo previsto no proxecto na data programada.

CONSIDERANDO que o artigo 195.2 da LCSP dispón que: *“Se o atraso se produce por motivos non imputables ao contratista e este ofrece cumprir os seus compromisos se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándolle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pida outro menor.*

Considerando que persisten circunstancias descritas en anteriores solicitudes de ampliación de prazo concedidas por Xunta de Goberno Local de 4.11.21, 9.12.21, 13.01.22, 17.02.22 e 10.03.22.

Considerando os antecedentes descritos e os preceptos de aplicación, se deduce que quedan acreditados os requisitos necesarios para a concesión da prórroga solicitada,

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Acceder á petición formulada e así pois, aprobar a ampliación de prazo solicitado de 15 DIAS na execución das obras, sendo a nova data de remate da obra o 23 de abril de 2022.

Segundo.- Notificar o acordo á adxudicataria “GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL” así como ao Director da Obra, para o seu coñecemento e efectos.

/Asinado electrónicamente polo sr. Alcalde na data indicada á marxe/

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.

3º.- PARTICIPACIÓN CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 17 DE MARZO DE 2022 (CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE.-

Vista a Orde do 17 de marzo de 2022 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento PL400A),

PROPONSE:

Participar en dita convocatoria para programar actividades na modalidade de axuda de “desenvolvemento de dinamización lingüística dunha entidade local carente de servizo lingüístico”.

A actividade será planificada conxuntamente por varias áreas do Concello de Valdoviño entre as que se encontran cultura e servizos sociais. Consistirá nun programa para incentivar o prestixio e uso da lingua galega asociada ao fenómeno neofalante, á creación cultural e produtiva da zona e á adquisición e fomento do galego como lingua social nas familias da contorna.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local, acoardará o que estime pertinente.
Valdoviño, 11 de abril de 2022.
O alcalde, Asdo.: D. Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía antedita.

4º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/10.-

A secretaria presenta as facturas a aprobar, a proposta de acordo con respecto a este punto que de seguido se transcribe e o informe de intervención, documentos que constan asinados no correspondente expediente.

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2022/10 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 13 facturas ascende á cantidade de NOVENTA E SEIS MIL TRESCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (96.324,83 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe de reparo suspensivo emitido pola intervención municipal en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2022/10 así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 96.324,83 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”.

A anterior proposta de Alcaldía quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros.

5º.- APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO (SUFRAGIO GASTOS ACTIVIDADES AÑO 2021 DA AGRUPACIÓN DITA).-

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da proposta de Alcaldía que consta no expediente tramitado ao respecto e asinados os seus documentos, do seguinte texto:

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS QUE DERIVAN DA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO ANO 2021 POLA DEVANDITA AGRUPACIÓN:

“Vistas as Bases de execución do orzamento municipal do Concello de Valdoviño para o ano 2021 se contemplan unha serie de axudas e subvencións públicas entre as que consta a colaboración económica coa Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Valdoviño para axudar a soportar os gastos que derivan do funcionamento da dita entidade con cargo á aplicación orzamentaria 130.489.00 por importe de 10.000 €.

Visto o Convenio de colaboración asinado entre o Concello de Valdoviño e a Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil aos efectos de sufragar os gastos que derivan da realización das actividades desenroladas durante o ano 2021 pola devandita agrupación.

Vista a documentación xustificativa presentada pola Agrupación de Voluntarios do Concello de Valdoviño ao abeiro do establecido na Cláusula Oitava do Convenio asinado para sufragar os gastos que derivan da realización de actividades no ano 2021 e conforme o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

Visto o informe favorable núm. EMP 29/2022 emitido pola intervención municipal de aprobación da conta xustificativa do Convenio de Colaboración entre o Concello de Valdoviño e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil que deriva da realización das actividades durante o ano 2021 pola devandita agrupación.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade local e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Valdoviño aos efectos de sufragar os gastos que derivan das actividades e funcionamento durante o ano 2021.

Segundo.- Dispoñer o crédito e recoñecer a obriga de pago do 100% da subvención nominativa concedida a Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Valdoviño para axudar a soportar os gastos que derivan do funcionamento da dita entidade no ano 2021 que se imputará a aplicación orzamentaria do estado de gastos 130.489.00 do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Dar conta deste acordo á Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Valdoviño e requirirles para que compareza o seu representante coa documentación que se establece no propio convenio para asinar o mesmo.

/Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández/”.

A Xunta de Goberno Local atoma razón, e por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria aproba a antedita proposta de Alcaldía.

FÓRA DA ORDE DO DIA

O sr. alcalde presenta por via de urxenza o asunto: Resolución de exptes da área de Obras e Urbanismo, por non estar presentadas as propostas para o intre da convocatoria, expresando a conveniencia da súa inclusión na sesión en aras de axilizar a resolución dos expedientes administrativos. Ratifícase a urxenza pola Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros; incluíndose o asunto Fóra da Orde do Día da presente sesión.

.- RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTES DA ÁREA MUNICIPAL DE OBRAS E URBANISMO.-

Licenza de obra maior

.- Expte. de obras 150/2021.- MARIA PUENTE CALVO.- Para as obras de construción de vivenda unifamiliar [REDACTED] Valdoviño. Obtivo a licenza municipal de obras polo acordo de Xunta de Goberno Local en data 16.12.2021.

Como condición expresa da licenza de obras, impuxerase a obrigaçión de non iniciar as obras en tanto non fose aportado ao expediente a seguinte documentación:

- Proxecto de execución, visado
- Nomeamento do arquitecto técnico o aparellador como director de execución da obra, visado polo correspondente colexio profesional e un modelo homologado polo dito colexio
- Estudo Básico de seguridade e saúde visado.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente en data 06.04.2022 co núm. de rexistro 202299900000426 e que é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 19 de abril de 2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar, a María Puente Calvo, a cal estaba condicionada á aportación da documentación recibida, [REDACTED] Valdoviño, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta María Puente Calvo e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 16 de decembro de 2021, xa que as condicións urbanísticas non han variado e polo tanto a actuación segue sendo viable segundo os parámetros da ordenanza de aplicación de Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal segundo informe do arquitecto municipal de data 19 de abril de 2022.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite.

Valdoviño, 20 de abril de 2022.

O Alcalde,Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local toma razón da documentación aportada e por delegación da Alcaldía, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a autorización do comezo das obras do expte. N° 150/2021 promovidas por dona Maria Puente Calvo; que deberán realizarse coas condicións da licenza concedida.

.- Licenza de parcelación.-

.- Expte. de parcelación 01/2021.- IGNACIO JOSE PITA GRAÑA E MARIO PITA GRAÑA.- Para licenza de parcelación de finca cuia referencia catastral correspóndese co número [REDACTED]

Valdoviño en solo clasificado e cualificado como :

Porción 1: Solo non urbanizable de núcleo rural tradicional. zona de edificación residencial illada (4.162,71 m²).

Porción 2: Solo non urbanizable (forestal) e resto non urbanizable (7.496,64 m²).

Procédese a parcelar a finca inicial de maneira que se obteñen as seguintes fincas definitivas:

- **Finca Resultante 1.** Superficie: 10.374,83 m², dos cales 2.878,19 m² están en solo non urbanizable de núcleo rural tradicional (sup. neta parcela: 2.839,82 m²) e 7.496,64 m² en Solo Rústico, (ver plano n°. A04 del proyecto). Contén a edificación.
- **Finca Resultante 2.** Superficie: 642,26 m², (sup. neta parcela: 642,26 m²), (ver plano n°. A04 del proyecto).
- **Finca Resultante 3.** Superficie: 642,26 m², (sup. neta parcela: 642,26 m²), (ver plano n°. A04 del proyecto).

Solicítanse as autorizacións sectoriais seguintes:

- Informe favorable sobre el proyecto de parcelación emitido por el Servicio de Patrimonio Cultural de la Jefatura Territorial de A Coruña, pertencente á Consellería Cultural, Educación e Universidade.
- O 29.03.21 e co núm. de rexistro de saída 202190000000236, solicítase o Concello de Ferrol informe sobre a viabilidade urbanística da parcelación presentada ao lindar cunha estrada da súa titularidade. O 26.08.21 e con número de rexistro de saída 2021900000000594, reitérase a solicitude anterior.
Non recibíuse contestación a solicitude anterior.

E de acordo coa documentación técnica achegada polo arquitecto Ignacio Pita Graña visado e aportado o 05.01.21.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 18 de abril de 2022.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a licenza de parcelación solicitada a Ignacio José Pita Graña e Mario Pita Graña , nas condicións que figuran na documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Ignacio Pita Graña e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 18 de abril de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 26,86 €.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

Valdoviño, 19 de abril de 2022

O Alcalde, Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a concesión de licenza de parcelación do expte. 01/2021; de conformidade coa proposta que antecede.

PARTE ACTIVIDADE

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/

